

# O escritor como personaxe

## Os ollos de K

**Autor:** Antón Riveiro Coello.

**Edita:** Galaxia

Antón Riveiro Coello, que nos deixara hai pouco un excelente padal con *Casas Baratas*, recolle na trama de *Os ollos de K* algúns motivos deses que adoitan apaixonar os creadores. Ben seguro que tampouco a todos en idéntica magnitude, mais poucos haberá que non se sintan atraídos por tales tentacións. Referímonos, por exemplo, ao feito de transparentar o propio proceso da escrita; é dicir, que a escrita vaia dando conta de como é creada, de xeito que o termo real forma parte tamén da ficción. E tamén a outro menos coñecido, mais que daría para sesudos tratados repletos de recovecos e iluminacións que se establece entre o autor e as súas personaxes. Alén do que se extrae da propia trama, dicímolo sabedores de que Riveiro Coello quería, polo menos inicialmente, rematar con Suso Paradela, personaxe central en *Homónima* e através da cal *Os ollos de K* establece relación, unha conexión pouco aproveitada, se temos en conta que Suso Paradela esculca na súa identidade porque hai outra persoa con nome idéntico. Este feito vén moi ben como intensificador da angustia vital en que se acha ao empezar a sospeitar que o ficticio se volve real. Preto xa do remate, Suso Paradela conclúe que as personaxes ficticias son “a miña única e verdadeira familia”.

Deixemos en apuntamento es-



**Antón Riveiro Coello.**

XAN CARBALLA

tes dous motivos que representan unha liña de lectura presente na novela, subsidiaria da acción central na que non se quixo afondar. *Os ollos de K* preséntanos un Suso Paradela escribindo ficción xornalística (e unha novela) na que as personaxes sofren a extirpación dos ollos, ficcións en principio totalmente alonxadas da realidade mais que irán tomando aparencia de reais, nunha espiral inversa na que, cantos máis datos imos tendo (e o protagonista con nós) máis se vai intensificando a angustia: meirande coñecemento non significa meirande alivio ou satisfacción, como é habitual. O mellor da novela, é que Riveiro Coello, que abondo se ten demostrado como reputado construtor de tramas, non ten neste caso pie-

dade e introduce o lector nesta espiral de maneira que se vai sentindo, con cada páxina que le, máis mergullado nela. Esta concepción, chamémoslle “envolvente” da trama, antepónse a calquera outro aspecto técnico.

## Os ollos de K

ten evidentes puntos de contacto coa novela de xénero, é, en si, unha novela detectivesca protagonizada por un escritor”

Na concepción da trama pesa considerabelmente o querer artella-la de xeito que fidelice a lectura, e *Os ollos de K* ten nisto evidentes puntos de contacto coa novela de xénero, é, en si, unha novela detectivesca protagonizada por un escritor. Non queremos relativizar a importancia dun discurso que fidelice efectivamente a lectura, mais a morfoloxía e riqueza do discurso novelesco é poliédrica. Vexamos. Os escritos que Suso Paradela publica no xornal, funcionan ben como anticipadores,

constatadores e intensificadores do clima de angustia, sen dúbida, porén, e malia que o narrador (o propio Paradela) se molesta en establecer as diferenzas co discurso da novela, o lector apenas o nota porque o rexistro léxico permanece case sen mutacións. A creación dun personaxe escritor adoita ser conflitiva. O autor ten que crear dous narradores diferentes con estilos diferentes, recorrer á primeira persoa narrativa como solución non ten porque ser sempre útil. Certamente, a administración dos datos está ben lograda e o xogo coas diferentes alternativas de solución da trama tamén, mesmo espectacularmente se temos en conta a ben resolta ousadía de anticipar o remate, outra volta lembrando o xénero detectivesco máis clásico. A maneira de contar de Riveiro Coello ten unha clara ascendencia clásica. Na súa escrita a adxectivación constante e o gusto pola bimembración (neste caso non abusa, como outras veces das copulativas) e oracións complexas é moi claro. Hoxe o adxectivo non é precisamente popular, e inclusive se agradece que Riveiro Coello se acorde del; porén aquí resulta superflua ás veces.

Con todo, o que máis se bota de menos é a pouca profundización nas personaxes. Defínense personalidades complexas, certamente, mais a vertixe da acción non deixa tempo a que se relacionen, a que exploten e contrasten esas ricas personalidades. O lector notaráo, por exemplo, cando o romanés desapareza do primeiro plano e fique como personaxe referencial.

Paul Auster, nas *Viaxes no scriptorium*, enfronta o tema desde outra perspectiva. En *Os ollos de K*, retómase a Kafka e *O proceso*, incorporándoos á trama de xeito pertinente (escribir sobre o xa escrito sempre lle gustou a Riveiro Coello). Porén a quen tivemos sempre na mente é a aquela personaxe de Michael Ende, que viaxaba entre a realidade e a fantasía nunha *Historia interminábel*.

**Xosé M. Eyre**